



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS DE FERROLTERRA PARA O ESTABLECEMENTO DUN MARCO
DE ACTUACIÓN CONXUNTA EN FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO
ESPÍRITO EMPRENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE**

Ferrol , 19 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte,, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 96/2018, de 26 de setembro, do seu nomeamento.

Doutra,, presidente da Asociación de Empresarios de Ferrolterra, en nome e representación da devandita organización, elixido coma tal na reunión extraordinaria da Asamblea Xeral da dita Asociación celebrada o 21 de xuño de 2018, e que continúa a ocupar este cargo, segundo marcan os estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Asociación de Empresarios de Ferrolterra, creada pola acta fundacional de data 28 de novembro de 1991 ten entre os seus fins programar, desenvolver e executar accións formativas.
3. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
4. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa “Educación e Formación 2010”, se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento.
En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan o presente convenio con base nas seguintes

En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan o presente convenio con base nas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio de colaboración é a colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.

Segunda. O programa está composto por:

- Xornadas de fomento do emprendemento

Está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria. Consisten na realización de visitas á Asociación de Empresarios de Ferrolterra, reunión cun emprendedor ou unha emprendedora, visita a empresas da zona industrial e/ou encontros nos colexios con emprendedores, empresarios e persoal da asociación.

- Concurso “Atrévete a ter unha idea”

Dirixido ao alumnado participante nas xornadas. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais e premiarase as dúas mellores ideas de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.

En xuño levarase a cabo a clausura do programa nun acto público ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa.

Terceira. Actuacións

As actuacións a desenvolver xirarán en torno a:

- A) Os eixes do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia [Eduemprende](#).

Estes eixes son:

- E1.Sensibilización e motivación. Medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora, para recoñecer na súa contorna actitudes e valores emprendedores,



favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando unha conciencia emprendedora.

- E2.Capacitación emprendedora. Iniciativas que se destinen a mellorar as capacidades en competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, a través da información, a orientación e unha formación axeitada para cada nivel educativo. Incídese, así mesmo, na dotación de recursos ao profesorado e na súa capacitación, na procura dunha repercusión final no alumnado.
- E3.Fomento e apoio da empresariedade. Actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.
- E4.Coordinación e aproveitamento de iniciativas. Comunicación, investigación, coordinación e posta en valor das actividades que en materia de emprendemento sexan de utilidade para o sistema educativo de Galicia e que teñan un efecto de transversalidade sobre o conxunto de medidas do programa Eduemprende .

B) Calquera outra colaboración que incida favorablemente na empregabilidade do alumnado do sistema educativo de Galicia.

Cuarta. Medidas.

Para tal efecto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Asociación de Empresarios de Ferrolterra, articularán as medidas que sexan precisas, co fin de favorecer a participación dos centros educativos nas actividades a desenvolver e na utilización de materiais e ferramentas que se elaboren, para conseguir a implantación da cultura emprendedora entre o alumnado e a mellora da empregabilidade.

Quinta. Compromisos das partes

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional se compromete a seleccionar os centros educativos participantes no programa, a coordinar as actuacións entre a Asociación de Empresarios de Ferrolterra e os centros educativos, a difundir o programa



Eduemprende- Atrévete Ferrol entre o profesorado e o alumnado dos centros así como a realizar o seguimento do mesmo.

A Asociación de Empresarios de Ferrolterra se compromete a pór as súas instalacións, o persoal técnico e responsables das empresas que se atopan no mesmo á disposición do desenvolvemento do programa.

- Nas xornadas de fomento do emprendemento participará o persoal técnico e os empresarios que desenvolvan as súas actividades na Asociación de Empresarios de Ferrolterra. Acompañarán ao profesorado e o alumnado durante estas xornadas.

- A colaborar coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na recollida dos datos das actividades desenvolvidas para a súa difusión

Sexta. Gasto.

O presente convenio non supón compromiso de gasto para as partes.

Sétima. Comisión de seguimento e control.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que terá como funcións a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións derivadas do presente convenio, así como a súa interpretación; en concreto, prestará unha especial atención ao adecuado desenvolvemento das accións que se poñan en marcha como resultado dos acordos alcanzados no seu seo.

Esta comisión estará constituída por:

- Dous/dúas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Dous/dúas representantes da Asociación de Empresarios de Ferrolterra.
- Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará como secretario.

Esta comisión celebrará as reunións que considere oportunas para promover a realización das actuacións que poidan derivarse do presente convenio e resolver as cuestións que xurdan da súa aplicación.



Oitava. Recollida de datos.

Sempre dentro do marco establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Asociación de Empresarios de Ferrolterra poderá recoller datos dos asistentes ás actividades incluídas neste convenio, coa finalidade de xestionar eficazmente o seu desenvolvemento, reportar axeitadamente aos organismos que aportan os fondos do seu financiamento, e informar aos asistentes de novas actuacións do seu interese no futuro. Estes datos tamén poderán ser cedidos á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o axeitado seguimento, control e supervisión das accións incluídas neste convenio.

Novena. Protección de datos.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o profesorado e a fundación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.

A firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE/BOE 10-12- 2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios.

Undécima. Vixencia do convenio.



O convenio, que deixa sen efecto ao anterior, entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 xuño de 2021, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente, conforme ao artigo 49 da Lei 40/2015. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes. A denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio.

Duodécima. Natureza xurídica, lei aplicable e solución de controversias.

De conformidade cos artigos 4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen a ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este convenio e as colaboracións específicas que deriven do mesmo quedan excluídos do ámbito da referida lei, rexéndose en consecuencia polas súas propias cláusulas e polas normas especiais que correspondan, aplicándose os principios de dita lei 9/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano na data e lugar indicados ao comezo.

A conselleira de, Educación, Universidade
e Formación Profesional

O presidente da Asociación
de Empresarios de Ferrolterra